



**BERROGÜETTO**

**PUBLICA:**

**KOSMOGONÍAS,**  
UNHA INVITACIÓN A SOÑAR POR  
UNHA REALIDADE MÁIS XUSTA

*"Berrogüetto, corpo aberto en sete latexares, trasládanos esa infinita sinfonía, unha voz que xorde de tan dentro que mesmo doe porque é a nosa propia voz feita música. Eles fannos soñar que outra música, outra orde cósmica é posible."*  
**Rosa Aneiros, Escritora e gañadora do Premio Xerais 2009 pola novela Sol de inverno**



## I BERROGÜETTO, UNHA DAS BANDAS MÁIS IMPORTANTES DA ESCENA WORLD MUSIC, PUBLICA NOVO DISCO EN 2010: KOSMOGONÍAS.

O quinto traballo deste grupo galego, cuxo nacemento supuxo un **punto de inflexión na música galega pola súa mestura de paixón pola música tradicional e a experimentación máis contemporánea**, é o primeiro gravado coa voz masculina de Xabier Díaz, o seu novo cantante.

Composto por once cancións, *Kosmogonías* mantén o seu estilo tan persoal e definido por Berrogüetto dende os seus inicios. Innovadores dende o seu primeiro traballo, **este último disco supón unha colección de sons orgánicos**, un traballo delicado onde se plasma a alma de Berrogüetto a través da súa especial concepción musical. **Xunto á súa acostumbrada sensibilidade, atopamos as colaboracións de escritores como Rosa Aneiros ou Manuel Rivas, quen cedeu un dos seus poemas como letra de *Alalá da noite*.**

***Kosmogonías* lévanos ao punto de partida por excelencia, ao Big-Bang, ao triunfo da materia sobre a antimateria**, ao berro primixenio do universo que coa súa radiación chega até nós. ***Kosmogonías* é unha reflexión entre a humanidade e o universo, unha chamada chea de optimismo até a consecución dun sistema de organización máis xusto...** Berrogüetto salienta todas aquelas vontades colectivas ou individuais que cos seus xestos e actitudes traballan para mellorar o seu contorno.

E convidáanos a deter, por un momento, o ritmo acelerado da vida cotiá: anima á observación, á contemplación do ceo nocturno... ao goce das *Kosmogonías* dunha vida que en ocasións non nos deixa deleitarnos co que probablemente sexa o maior espectáculo para os sentidos.

Editado en formato moi coidado CD + DVD, *Kosmogonías* inclúe material inédito do grupo. Mostra da inquietude e interrelación amosadas por Berrogüetto dende o inicio da súa traxectoria cara o arte contemporáneo, **inclúese unha videocreación realizada para *Kosmogonías* por Olaia Sendón**: unha creación visual que integra os diferentes berros incluídos no disco, aunando imaxe e proxección, xunto coa música experimental creada pola banda galega en exclusiva para esta obra.



Ademais, *Kosmogonías* chegará a parte menos coñecida de Berrogüetto mediante a incorporación dun making off no que se recollen momentos como o proceso de creación e entrevistas individuais aos seus compoñentes.

## I FICHA TÉCNICA KOSMOGONÍAS

Nº	Título	Autor	Duración
1	<b>Alalá da noite</b>	Quico Comesaña / Xabier Díaz. Letra: Manolo Rivas.	4:34
2	<b>Astrea</b>	Quico Comesaña	2:18
3	<b>Igneominea</b>	Anxo Pintos	4:22
4	<b>Líridas de abril</b>	Xabier Díaz / Guillermo Fernández. Letra: Tradicional / Xabier Díaz	4:20
5	<b>Planeta Can</b>	Quim Farinha	5:06
6	<b>Cantar de camiño</b>	Xabier Díaz / Guillermo Fernández. Letra: Tradicional / Xabier Díaz	4:53
7	<b>Nadir</b>	Santiago Cribeiro / Guille Fernández	4:38
8	<b>Danza de Meiról</b>	Xabier Díaz / Guillermo Fernández. Letra: Tradicional / Xabier Díaz	4:23
9	<b>Ataque de jota</b>	Santiago Cribeiro	5:02
10	<b>Caneta de poeta</b>	Xabier Díaz/ Guillermo Fernández. Letra: Xabier Díaz	4:28
11	<b>Esfericantus</b>	Anxo Pintos	4:34

## I DANZA DE MEIROL, PRIMEIRO SINGLE DE KOSMOGONÍAS

*Danza de Meiról* é un agarrado baseado na tradición e recuperado grazas ao traballo de campo que habitualmente realiza Berrogüetto compilando de primeira man os sons e as voces de Galiza, en moitas ocasións vivos só de maneira oral. Esta peza foi recollida por Berrogüetto respectando a lírica tradicional e, seguindo o estilo definido do grupo, evoluciona a través dun tratamento contemporáneo.

Berrogüetto, cinco discos, cinco sentidos...

o berro da superpoboación  
*Na beira parva do éxito,  
concebir en múltiplos...  
devora espazos de vida*





## CINCO DISCOS, A VIDA DE BERROGÜETTO

**Dende 1996, ano en que se publica o seu primeiro disco, *Navicularia*, Berrogüetto mestura a paixón pola música tradicional galega e a experimentación máis contemporánea.** Este primeiro traballo supuxo unha gran revolución dentro da música galega polo seu innovador estilo, onde as melodías tradicionais eran tratadas cunha gran frescura, achegando interesantes harmonizacións modais e contrapuntos. **Seleccionados en 2002 aos premios musicais Grammy Latino para a categoría de "mellor álbum folk", obtiveron premios tanto en Galiza como no resto de España e Europa.**

**A súa innovación e inquietude pola música levounos a experimentar con sons e instrumentos, chegando incluso a fabricalos eles mesmos. No seu último traballo *Kosmogonías* incorporan a niquelarpa, un instrumento de corda similar no aspecto á zanfona orixinaria do folclore sueco e que foi creada de maneira artesá por Quim Farinha, membro do grupo e *luthier*.**

### I DE BERROGÜETTO DÍXOSE:

*"Lúdicos, estéticos e abertos á mestizaxe: Berrogüetto (...) Aí vai un cóctel do que non os resume, pero que si os suxire: multiinstrumentistas, cualificados, expertos, estetizantes, enerxéticos, lúdicos e abertos a outras culturas. E, sobre todo, seguros do que queren".*

**Fernando Franco, Faro de Vigo**

*"Berrogüetto é a punta de lanza do amplo renacer musical que ten lugar en Galiza".*

**F. Valiño, El Mundo**

*"Berrogüetto posúe un recoñecemento internacional do que poucos grupos galegos poden presumir".*

**Óscar Losada, El País de las Tentaciones.**

*"O grupo máis internacional da música galega".*

**Fernando Neira, suplemento Babelia de El País.**



## I NA ACTUALIDADE BERROGÜETTO ESTÁ CONFORMADO POR:



### ● ANXO PINTOS.

*Zanfona, gaita, saxo soprano, violín e teclado*

Cofundador do grupo Matto Congrio, co que gravou o seu único traballo en 1991, e tamén de Berrogüetto en 1994. Compositor de numerosas pezas instrumentais (algunhas delas son pezas obrigadas en destacados Certames e Concursos de Gaita Solista), forma parte dos mestres que coordinan o seu traballo coa primeira orquestra folk galega, Sondeseu. Na actualidade compatibiliza o seu labor en Berrogüetto co de profesor de zanfona no Departamento de Música Tradicional da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.



### ● GUILLERME FERNÁNDEZ.

*Guitarras*

Músico, compositor e guitarrista, durante anos compaxinou o seu labor como integrante de Berrogüetto con proxectos musicais diversos entre os que destacan "Son delas", espectáculo concibido para celebrar o Día Internacional da Muller, a través de tres disciplinas artísticas: música, literatura e plástica. Colaborou con



artistas galegos como Uxía Senlle, Leilía ou Xosé Manuel Budiño ou estranxeiros como Donald Shaw, Karen Matheson ou Joean Michel Veillon. Xunto a Guadi Galego creou o proxecto Espido, de cuxa composición, gravación e produción foi o responsable.



● **ISAAC PALACÍN.**

*Percusión*

A súa formación en batería e percusión discorreu entre Galiza e A Habana, co mestre cubano Ruy López-Nussa, que completou con clases de percusión afrocaribena con Emilio del Monte e de percusión tradicional galega con Francisco Estévez. Músico profesional dende os 17 anos, colaborou con artistas como Tórreros Muertos, Uxía e mesmo The Chieftains. Tras finalizar o proxecto Matto Congrio, embarcouse na formación de Berrogüetto e realiza de xeito simultáneo traballos como coprodutor artístico.



● **QUICO COMESAÑA.**

*Bouzouki, mandolina, arpa*

Influenciado pola música medieval, o Renacemento e o Barroco ou o estilo tradicional atlántico e balcánico,





descobre a arpa céltica da man de Emilio Cao e a súa inquietude lévao a fabricar un modelo experimental. Unha gran parte da súa formación débese á súa afección polas *jam sessions*, intercambiando coñecementos con músicos de diversas orixes. Foi fundador do grupo Armeguin, foi músico de Uxía Senlle e compuxo, arranxou e interpretou xunto a Anxo Pintos a versión musical da obra literaria *A illa das mulleres tolas*, do escritor Alfonso Pexegueiro.



#### • QUIM FARINHA.

*Violín, niquelarpa*

A finais dos anos 80 e comezos dos 90, participou nalgunhas das formacións folk máis relevantes como Dhais, Xorima ou Fía na roca. Profesor de violín no conservatorio de Lalín, colaborou con artistas como Mugardos, Emilio Cao ou Pepe Vaamonde. Como violinista achega unha maneira particular de interpretación baseada na dixitación e repertorio propios da gaita galega, aliñado con certas influencias próximas ao jazz. A súa actividade como luthier plásmase na fabricación de instrumentos como a niquelarpa, empregada na gravación de *Kosmogonías*.



● **SANTIAGO CRIBEIRO.**

*Acordeón, teclados*

Iniciou a súa carreira discográfica cun dos discos máis importantes do catálogo de instrumentos tradicionais galegos, o realizado pola Universidade Popular de Vigo. Cofundador de Matto Congrio e Berrogüetto, a súa delicadeza á hora de tocar o acordeón sitúao como un dos músicos máis destacados deste instrumento musical, tanto polo seu amplo repertorio de estilos como pola súa extremada sensibilidade.



● **XABIER DÍAZ**

*Voz, gaita e percusión*

Como cantante da compañía Nova Galega de Danza, foi seleccionado como finalista aos premios Premios Max como Mellor Espectáculo Revelación. Traballou en diversos espectáculos canda Amancio Prada ou Luar na Lubre. É un dos integrantes do cartel de "Ao pé da letra", espectáculo que serve como punto de encontro de varios proxectos galegos e universos musicais diferentes que queren tomar a palabra coa vontade de situar a voz no centro das súas creacións musicais. Produtor musical, mestre e director da Escola de Música e Baile Tradicional de Ames, iniciou a súa andaina como compositor e cantante no disco *Músicas de Salitre*.





# DISCOGRAFÍA E RECOÑECIMENTOS

## I NAVICULARIA (1996)

**O seu primeiro álbum foi un éxito completo entre a crítica, recibindo recoñecementos tanto en Galicia como en España e países europeos como Alemaña. Con coidado e sensibilidade, dun xeito discreto o seu discurso sorprendeu a todos. Este disco é considerado imprescindible pola súa combinación de tradición e modernidade.**

- "Preis der deutschen Schallplattenkritik" Premio da Asociación da Crítica Alemá do Disco en 1997
- Premio 'Eiserner Eversteiner' en 1998 ao mellor grupo folk europeo, concedido pola asociación alemá de world music "Profolk"

## I VIAXE POR URTICARIA (1999)

Corroborou o éxito do primeiro traballo. Agardado por público e crítica especializada, alargaba a enerxía creativa da música de Berrogüetto. Este álbum, **publicado en diversas edicións internacionais, sorprendeu pola conxunción de música e imaxe gráfica da portada: unhas fotografías onde os músicos impregnados de terra realizaban unha metáfora da alternancia entre tradición e contemporaneidade, un dos seus propósitos musicais esenciais.**

- Premio Luar ao mellor álbum folk do ano.
- Premio AGAPI pola banda sonora do filme "A Rosa de Pedra" (Manuel Palacios, 1999)
- Premio Ideal en 1997, ao grupo revelación e do público por Viaxe por Urticaria (Boa 1999)



## I HEPTA (2001)

**Arranca da reflexión do xogo co número máxico hepta (sete en grego): sete son as cores, sete as belas artes, sete son os músicos de Berroguetto... Por iso contaron con representantes doutras disciplinas artísticas como George Rousse, coñecido artista contemporáneo francés** cuxa técnica de traballo entrelaza a arquitectura, a pintura e a fotografía; xunto ás colaboracións do **Centro Galego de Arte Contemporáneo (CGAC)**, a **Fundación Sargadelos** e a participación de músicos internacionais como **Jivan Gasparian (Armenia)**, **Markus Svensson (Suecia)** e **Kalman Balogh (Hungría)**.

- "Preis der deutschen Schallplattenkritik", Premio da Asociación da Crítica Alemá do Disco en 2001 ao mellor disco de world music.
- Premio Opinión 2001 (mellor disco folk)
- Finalistas dos "Premios de la Música" da Academia das Artes Escénicas e Musicais de 2001 (mellor álbum en galego)
- Finalistas dos Grammy Latinos 2002 (mellor disco folk)

## I 10.0 (2006)

O disco máis coral de Berroguetto -dúas composicións por artista-, enteiramente autoeditado e sen colaboracións, reflicte a evolución persoal do grupo como factoría de ideas e a súa negativa a producir por producir. Presentaban ao público a súa intimidade, sen demasiadas palabras arredor da música. Un traballo optimista, que aborda, coma sempre, os seus máis e os seus menos do mundo e que soa galego para calquera oído do mundo. É o traballo máis acústico da banda, con viaxes evocadoras e apostas influenciadas pola música contemporánea, dende o jazz ao pop.

- "Preis der deutschen Schallplattenkritik", Premio da Asociación da Crítica Alemá do Disco (2007)
- Premio Opinión (2º)
- Finalistas dos "Premios de la Música" da Academia das Artes Escénicas e Musicais de 2006